



Fundamentalismo encriptado: a Biblia, do literalismo á maiéutica histórica

Andrés Torres Queiruga

1.- A lectura tradicional da Biblia

O cambio que se ten dado na lectura tradicional da Biblia por parte da teoloxía é de tal magnitude, que abonda con ler uns poucos exemplos antigos para decatarse da distancia quilométrica que nos separa. Pero ese cambio leva moi pouco tempo entre nós. As novas xeracións non o perciben con tanta claridade, pois recibiron algúns efectos importantes. Pero falta aínda moito camiño por andar. En realidade, visto en perspectiva histórica, é moi recente. A finais do século XIX, o cardeal Newman tivo desgustos con Roma por soste que non era «inspirados» os famosos *obiter dicta*, esas observacións de paso, como cando san Xoán di que a xente «sentou na herba» na multiplicación do pan (Xn 6, 10). E aínda a miña xeración, formada nos tempos do Concilio, tivo profesores que podían estar preocupados por como conciliar a «grave contradición» de Mateo, afirmando que Xesús «subiu» ao monte para proclamar as benaventuranzas (Mt 5, 1), mentres que Lucas informa que «baixou» a onde estaba a xente (Lc 6, 17).

Non era fácil superar a eficacia de ter pasado máis de 1.500 anos lendo a Biblia pensando que estaba ditada por Deus, tomando como infalible cada palabra, pois vindo de Deus, non pode ser falsa nin enganarnos. Por iso, cando a partir do século XVII a crítica histórico-literaria empezou a estudar os textos bíblicos con métodos rigorosos, o escándalo foi terrible. Porque as contradicións entre a letra de moitos textos nos só en distintos libros, senón incluso no